

11-14 NOV 2020

# Semana de Muller e cultura e ciñentas



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

ÁREA DE IGUALDAD - CIM

Concello de Vilagarcía de Arousa

## MÉRCORES 11

Retransmisión ON LINE (09.00-15.00H)

### O pozo das señoras. Rilo & Penadique.

En *O pozo das señoras*, Rilo & Penadique falarános de historias sorprendentes protagonizadas por mulleres e fiadas por pequenas correntes de auga e emocións, contadas coa increíble capacidade de narrar de Vero Rilo e a sutileza musical de Sonsoles.

Destinada aos centros de ensino de primaria.

### Benquerer (se). Aldaoado.

Benquerer(se) é un recital humorístico e musical que aborda a temática de xénero dende a experiencia de mulleres e de poetisas, das creadoras Lucía Aldao e María Lado. Nesta proposta, tanto a escola de versos coma o propio discurso xiran arredor da igualdade a través de conceptos como a realidade universal ou o amor romántico, sempre co ton humorístico que as caracteriza.

Destinada aos centros de ensino de secundaria, bacharelato e ciclos formativos.

## VENRES 13

Sala de Conferencias do Auditorio. 18:30h

### FALADOIRO:

#### "Mulleres xestoras e creadoras de Cultura"

**Patricia Hermida.** Produtora musical, management e compoñente da directiva de Mulleres da Industria Musical Europea (MIME).

**Andrea Bayer.** Actriz, narradora oral e directora da Aula de teatro do CIM de Pontevedra.

**Daisy Alcalde.** Presidenta de O soño de Lilith, asociación organizadora do Festivala.

**Modera: María Armesto.** Directora artística da Mostra de Teatro de Cangas, dramaturga especialista en xénero.

Unha mesa redonda onde abordaremos a realidade das mulleres no sector e a necesidade de incrementar o número de mulleres en postos de responsabilidade na xestión cultural.

Ata completar o aforo .

*Retransmitirase tamén en streaming a través do facebook do Concello concellovilagarcia e do canal de youtube Concello de Vilagarcía de Arousa.*

## SÁBADO 14

Salón García. 19:30h.

### "Bravas". Isabel Risco

Bravas fala sobre mulleres sen medo, mulleres que paren, aleitan, manteñen, que constrúen os alicerces da rebeldía, da rebelión, da ilusión, do inconformismo, da valentía, da xustiza social, da empatía, da humanidade. Mulleres empoderadas que, ao longo dos anos, se enfrentaron á máquina do poder establecido coas armas da xustiza social, da igualdade, da construcción masiva para transformar a realidade e conseguir deste xeito un país mellor, e, polo tanto, un mundo mellor.

Isabel Risco proponnous un xogo desde o teatro cómico e comprometido. Alegre e combativa, porque entende que se non podemos bailar, se non é divertíndonos, tampouco é a nosa revolución. Así, con este espectáculo pretende ademais reivindicar o humor das mulleres, que ofrece unha perspectiva única, plural, diversa, políédrica e tan necesaria da realidade.

Autores/as: Paula Carballera, Roi Vidal, Clara Gayo, Xurxo Barcala, Isabel Risco e Fran Rei.

Ata completar o aforo.